

Convocatoria da Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente para o día 23 de maio de 2024.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión do 22 de marzo de 2024, durante o mandato 2023-2027 a Comisión informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Este mes, por acordo adoptado no Pleno do día 26 de abril de 2024, terá lugar o xoves, 23 de maio de 2024.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente en sesión **ordinaria**, para o **día 23 de maio de 2024**, ás 17:50 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2024/30F/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de abril de 2024.

2. 2024/6331Y PRESIDENCIA

Modificación da modalidade da adhesión da Deputación Provincial de Ourense ao Convenio marco asinado entre a Comunidade Autónoma de Galicia e a Sociedade Ecolóxica para a Reciclaxe dos Envases de Vidro (ECOVIDRIO)

3. MOCIÓNS DE URXENCIA.

4. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

